



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de decembro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo Secretario a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores de datas 23 e 30 de novembro de 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación de Cangas aproba por unanimidade as actas de datas 23 de novembro e 30 de novembro ca seguinte precisión:

DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que na quenda de intervencións no expediente 5803/2018 correspondente a acta de 30 de novembro o seguinte: " na beirarrúa da rúa David Cal".

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Declaración institucional dos grupos políticos pola situación actual do hospital POVISA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Pola Presidencia dáse conta da seguinte Declaración institucional dos Grupos Políticos, tramitada

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



en data 21.12.2018, que é como segue:

“Os grupos políticos con representación na Corporación do Concello de Cangas, na preocupación pola situación actual do hospital POVISA de Vigo, quere manifestar o seguinte:

- 1. O SERGAS debe realizar as actuacións pertinentes para garantir a asistencia das 139.000 persoas que reciben asistencia sanitaria en POVISA, entre elas moitas canguesas e cangueses.*
- 2. Co fin de salvagardar os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras, nas negociacións que o SERGAS está mantendo con POVISA deben quedar blindadas as súas condicións laborais e salariais, semellantes ás dos traballadores e traballadoras da rede pública.*
- 3. Co obxectivo de conseguir a transparencia absoluta na relación Administración Pública/POVISA, consideramos preciso realizar unha auditoría das contas e das xestións realizadas pola empresa en todo o relativo ao concerto co SERGAS, permitindo ademais a presenza de representantes do comité de empresa nesas negociacións”.*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: sinala que para que isto teña o alcance preciso a auditoría a realizar debería gozar de independencia para alcanzar a súa efectividade e que debería adoptarse un novo punto determinando a xestión pública da sanidade.

Sr. Gestido Porto: sinala que apoiará a moción e quen queira presentar outra moción que o faga.

Sr. Sotelo Villar: sinala que na declaración institucional existen determinadas cuestións de dubidosa legalidade pero apoiarán a devandita declaración institucional.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3987/2018. Peche e liquidación do orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 9, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de alcaldía, do día 11.12.2018, relativa ao peche e liquidación do orzamento, que é como segue:



“Vistas as Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes correspondentes ao exercicio económico 2017 xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Vistos os artigos 200 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais. Visto que as mesmas foron expostas ao público, a partir da publicación no BOP nº 202 de data do 19/10/2018, do 20/10/2018 ata o 23/11/2018, sen que durante o correspondente período de exposición pública foran presentadas reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal.

Visto o informe da Comisión Informativa Única - Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Cangas e do Organismo Autónomo de Deportes, correspondentes ao exercicio económico 2017.

SEGUNDO.- Render as Contas Xerais así aprobadas e toda a documentación que as integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Abalo Costa: expón a proposta.

O Sr. Gestido Porto: sinala que lle parece curioso que se presente este asunto o último día do ano e que se vote a culpa ao instrutor.

O Sr. Iglesias Santos: expón que estas non son as formas de presentar as Contas xa que non da tempo á súa correcta análise. Sinala que existen numerosos reparos de intervención, gastos non prioritarios e que baixo estas premisas non pode votar a favor das mesmas.

O Sr. Millán Blanco: sinala que por fin chegou o día da aprobación das Contas, unhas contas que deberían estar informadas antes do 1 de xuño e que foron informadas o 8 de outubro sen que a ausencia do interventor poda servir de escusa. Unhas contas, recorda o Sr. Millán Blanco onde o período de exposición pública rematou o 23 de novembro e polo tanto non entende que non se presentasen no Pleno do 30 de novembro.

No tocante ás Contas en si, o Sr. Millán Blanco pon de manifesto o incremento no gasto corrente e nos ingresos, especialmente no IBI, a existencia de numerosas facturas sen recoñecer, o importante número de reparos (147, que equivalen a 7,6 millóns de euros dos que 4 millóns



corresponden a gastos), sendo especialmente grave os contratos menores. En definitiva máis do 45% do gasto total está reparado e que no ano 2018 estamos na mesma liña con máis de 190 reparos, o que ven a poñer en evidencia unha política de despilfarro.

O Sr. Alcalde: sinala que foi concelleiro dun partido que subiu o gasto, que equipara erradamente gasto corrente a despilfarro e que o adalid da baixada de impostos subiu os gastos e desmantelou o plantel municipal.

O Sr. Abalo Costa: expón que a oposición obvia o fundamental, Resultado Presupostario e Remanente de Tesourería, e oculta que houbo que pagar a débeda, a cuestión de Promalar... é preciso acudir aos números globais e ás esixencias derivadas da aplicación do Plan de Axuste e coincide co Sr. Iglesias Santos en que hai que ter transparencia co gasto público.

O Sr. Gestido Porto: sinala que se vai abster nesta votación e considera que estas contas son unha cortina de fume.

O Sr. Iglesias Santos: recorda que no plano político hai prioridades que lle corresponden atender a este goberno e que xa existe no plano económico un toque de atención do Ministerio de Facenda. O Sr. Iglesias Santos pon de manifesto a existencia de gastos superfluos e recorda que non se pode estar a votar a culpa sempre ao Partido Popular e que non se pode ter tan elevada a taxa do lixo.

O Sr. Alcalde: sinala que se atendese os reparos efectuados non se pagarían nin as nóminas dos traballadores e que as taxas do lixo como tales non veñen diferenciadas como tales.

O Sr. Millán Blanco: expón que si que se produciu un incremento na recadación de determinados impostos, especialmente o IBI.

O Sr. Alcalde: contesta que ese incremento se fixo gracias a unha laboura de investigación.

O Sr. Millán Blanco: recórdalle ao Sr. Alcalde que os impostos directos subiron a súa recadación en máis de 1 millón de euros, lembra que o gasto corrente se está a descontrolar especialmente na prestación dos mesmos servizos que se viñan producindo (un incremento do 68%) o que implica falar dun descontrol no gasto.

No tocante á falta de persoal o Sr. Millán Blanco: sinala que o actual goberno tende a dar unha imaxe de procura da municipalización e posteriormente pretenden privatizar os servizos. Remata sinalando que o Plan de Axuste trae causa dos 8 millóns de euros de despilfarro económico xerado no curso 2008-09 e que obrigaron a corporación no ano 2011-2012 á aprobación dun Plan de Axuste en aras a dotar de estabilidade o Concello.

O Sr. Abalo Costa: sinala que é complicado falar das contas do 2017 se nos remitimos o ano



2008 e recorda que os incrementos en impostos son froito dunha investigación e que cas contas presentadas presentan unhas cifras globais óptimas inda tendo en conta a indispoñibilidade do crédito.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (BNG, ACE e ASPUN).

Votos en contra: 9 (PSOE e PP).

Abstencións: 1 (CANGAS DECIDE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6146/2018. Moción PSOE seguridade Nadal

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal PSOE do Concello de Cangas, do día 14.12.2018, relativo ao reforzamento de medidas de prevención e protección da seguridade cidadá en Cangas, que é como segue:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CANGAS REFERENTE Á “REFORZAMENTO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ EN CANGAS”.

“ALFREDO IGLESIAS SANTOS, CONCELEIRO-PORTAVOZ do PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA – PSOE, no Concello de Cangas (Pontevedra), ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

‘EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Ante a inminente celebración das Festas de Nadal, a Secretaría de Estado de Seguridade determinou un reforzamento de especial intensidade das medidas de prevención e protección antiterrorista que pode, sequera parcialmente, ser aplicado a nivel local, reforzando os servizos, procedementos e medidas de seguridade cidadá e de activación antiterrorista, intensificándose nos obxectivos seguintes:

1.- Reforzamento dos dispositivos operativos e as medidas preventivas en tódolos lugares nos que se produza unha elevada presenza ou tránsito de persoas, tales como:

Zonas, prazas, paseos e grandes vías comerciais, dada a importante afluencia que



nestas datas se producen de cidadáns nas mesmas.

Acontecementos de lecer, deportivos, relixiosos ou mercadiños con gran afluencia de persoas.

Edifícios, centros e instalacións emblemáticas de Cangas que puideren ser obxecto dunha especial afluencia de cidadáns nestas datas, ou que poidan ser identificados como de especial interese polos elementos terroristas para as súas accións.

Todos aqueles lugares ou edificios nos que se prevexa a existencia de especiais concentracións de cidadáns (paseos, alamedas; centros comerciais; locais de lecer e de competicións deportivas; locais públicos, lugares e locais de culto, etc.) e que por iso poidan ser considerados como potenciais obxectivos de actuación polos citados elementos terroristas.

2.- Intensificación de medidas preventivas sobre grandes centros e infraestruturas de transportes, o que necesariamente terá que comprender instalacións e medios de transporte terrestre e marítimo, especialmente aquelas que teñan que soportar unha maior afluencia de cidadáns e de tráfico (transporte de ría, estación de autobuses).

3.- Extremar as medidas e recomendacións de seguridade e autoprotección ante aglomeracións e posibles atentados terroristas contempladas na Instrución 6/2017, do 27 de decembro, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se imparten recomendacións en materia de autoprotección e criterios de actuación ante a comisión de atentados terroristas.

A especial intensificación das medidas sinaladas debería entrar en vigor con carácter inmediato e estenderíase ata as vinte e catro horas do día 9 de xaneiro de 2019.

Sen prexuízo do que se puider determinar nunha previsible Xunta Local de Seguridade, sen consistir nunha relación exhaustiva nin fechada, propóñense as seguintes

MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN PARA OS CIDADÁNS:

1ª) Dar a coñecer aos cidadáns (a través dos medios de comunicación, de bandos e de escritos enviados ás AA. VV.; ás directivas de clubs e asociacións; aos directores dos centros de educación; aos titulares/responsables de locais de lecer e hostalería, etc.) os plans e medidas de seguridade contidas nos plans de emerxencia e autoprotección, as incidencias que poidan afectar á seguridade do establecemento ou lugar e as rutas de evacuación e saídas de emerxencia, sobre todo nas instalacións que teñan a consideración de infraestruturas críticas.

2ª) Garantir a vixilancia e protección permanente de instalacións e lugares, con especial atención ao control de accesos e de tránsito de vehículos, persoas e obxectos, a través de medidas e elementos de prevención e detección, así como sobre aqueles lugares e locais facilmente accesibles para persoas alleas aos mesmos nos que se poidan ocultar individuos ou obxectos sospeitosos, como aseos, aparcadoiros, almacéns, etc., ou outros puntos potencialmente vulnerables.



3ª) *Facilitar e verificar a capacidade de comunicación inmediata cos responsables do departamento de seguridade da infraestrutura ou instalación (se o houbese) e coas Forzas e Corpos de Seguridade competentes.*

4ª) *Recomendar que ante a existencia de calquera alarma ou incidente se comunique de maneira inmediata ás Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil e Policía Local)*

5ª) *Recomendar que ante a presenza de persoas ou vehículos de carácter sospeitoso na contorna da instalación ou do lugar, se soliciten os datos de información dispoñible (marca, modelo, matrícula, obxectos sospeitosos, tipo de roupa, etc.) e se poñan en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil e Policía Local).*

6ª) *Recomendar aos cidadáns, en caso extremo de posible atentado terrorista:*

- *Que non se acheguen ó foco do perigo.*
- *Que transmitan ás Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil, Policía Local) todos os datos posibles sobre o lugar e natureza do ataque, incluíndo gravacións de vídeo, etc.*
- *Que impidan a aproximación doutras persoas e desaloxen o lugar ou instalación polas vías de evacuación afastadas do perigo.*
- *Que sigan en todo momento as instrucións que impartan os membros das Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil, Policía Local) encargados da actuación*

Por todo o exposto, O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITA Ó PLENO DA CORPORACIÓN A TOMA DO SEGUINTE:

ACORDO:

Instar ao Goberno Municipal a deseñar un PLAN DE REFORZAMENTO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ EN CANGAS durante as Festas de Nadal, ben convocando previamente a Xunta Local de Seguridade, ben poñendo en coñecemento dos veciños as medidas adoptadas desde o propio Concello, tomado como base –se se estimase– as propostas no corpo da presente Moción”.

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Iglesias Santos: expón moción.

O Sr. Soliño Costas: expón que nos atopamos a 28 de decembro e que as medidas xa deberían estar implementadas se fose a vontade do Concello.

O Sr. Alcalde: sinala que hai un informe e instrucións da Policía Local tendentes a reforzar a seguridade en determinadas datas e existe unha Xunta Local de Seguridade que pode ser obxecto



de convocatoria pero non se debe crear alarmismo.

O Sr. Hermelo Álvarez: expón que non comparte a moción en tanto que xera alarmismo e que é preciso buscar unha coordinación.

A Sra. Giráldez Santos: sinala que non debemos caer no alarmismo con esta moción.

O Sr. Abalo Costa: expón que é preciso actuar ante alertas reais.

O Sr. Gestido Porto: expón que lle gustaría facer extensiva esta proposta a tódolos eventos que se realicen en Cangas.

O Sr. Iglesias Santos: sinala que o Alcalde acaba de ler un informe “ad hoc” e que é preciso que o Concello teña un plan de emerxencias. Recorda que a presente moción pretende implementar unhas medidas de autoprotección e que se ocorre algo alguén terá que facerse responsable.

O Sr. Soliño Costas: pide a copia do informe e a data do mesmo.

O Sr. Alcalde: sinala que o informe é posterior á moción sobre as medidas adoptadas para a festa.

O Sr. Iglesias Santos: abandona a sesión por discrepancias no trato do Alcalde cun veciño.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (PP e CANGAS DECIDE).

Votos en contra: 10 (BNG, ACE e ASPUN).

Ausentes: 1 (PSOE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6170/2018. Moción PP circulación viaria

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular



de Cangas, do día 7.12.2018, relativa á circulación viaria, que é como segue:

“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación da seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2012 a Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia someteu a exposición pública o " Plan de mobilidade viaria para a península do Morrazo" .O Grupo Municipal do PP con data 27 de Setembro do 2012 presentou unha serie de alegacións, a primeira delas era polo nome, pois o noso entender debería de constar o transporte marítimo polo que propoñiamos que na páxina 5 da memoria de dito Plan, no apartado referidos a obxectivos no seu punto 3.1. Liñas básicas de actuación, cando se fala de acadar unha mobilidade sostible debería figurar como Plan de mobilidade da península do Morrazo. Noutras alegacións, xa dentro da mobilidade viaria, defendíamos unha rede estruturante tendo o corredor como arteria principal pero sen esquecer a variante nin as vías provinciais e municipais. Figuraban alegacións tanto do desdoblamento do corredor como a construción da variante de Cangas (Cos condicionantes aprobados no Pleno do 03.09.12) e tamén un convenio entre Xunta, Deputación e Concello para a mellora das vías existentes.

Todos somos conscientes da problemática que ocorre durante o verán, problemática que debido a afluencia masiva as súas numerosas praias, se acentúa mais na parroquia de O Hío. Tendo en conta a proximidade do remate das obras da conversión do corredor en autovía, o cal se non se remedia antes vai a producir que ese modo que era o remate dos dous primeiros tramos da autovía en Meira, se traslade a entrada de Cangas consideramos faise necesario que se teña a previsión de elaborar un plan onde previo estudo que o xustifique, se programen unha serie de actuacións nas infraestruturas existentes que minoren a repercusión negativa nos habitantes do noso Concello.

Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

O PLENO DA CORPORACIÓN INSTA AO GOBERNO MUNICIPAL, Á ELABORACIÓN DUN ESTUDO QUE XUSTIFIQUE AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA MELLORAR A MOBILIDADE NO NOSO CONCELLO DIANTE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS CON COMPETENCIA NAS INFRAESTRUTURAS OBXECTO DE MELLORA, SEGUNDO O CITADO ESTUDO”.

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Soliño Costas: expón a moción.

A Sra. Giráldez Santos: sinala que o seu grupo votará a prol da moción.

O Sr. Hermelo Álvarez: votará a favor sempre que nese estudio se recolla o transporte público.



O Sr. **Gestido Porto**: tamén dará o seu apoio.

O Sr. **Alcalde**: sinala que a moción vai mais aló de falar de tráfico, inclúe a mobilidade e que xa se mandou un estudo á Xunta e recorda que un alto porcentaxe dos atropelos son nas estradas da Xunta.

O Sr. **Soliño Costas**: expón que hai tres tipos de estradas en atención á titularidade pero que en todo caso tamén hai vías municipais que deben ser obxecto de atención.

O Sr. **Abalo Costa**: sinala que votará a favor pero recorda que a Xunta non gasta un euro nas estradas.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integralmente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6171/2018. Moción PP planificación solo industrial

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Retírase a Moción a instancia do portavoz do Partido Popular.

Expediente 6169/2018. Moción PP ampliación horario biblioteca

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do voceiro do grupo municipal do Partido Popular de Cangas, do día 14.12.2018, relativa á ampliación do horario da biblioteca, que é como segue:

“Jose Enrique Sotelo Villar, como voceiro do grupo municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 9 de decembro de 2017 este Grupo Municipal presentou unha moción “cabodeano” de outra do 29 de xuño de 2016 onde pedíamos que a Biblioteca Central se mantivera aberta os



sábados pola mañá durante o verán e que se creara un calendario estable de apertura para todo o ano, tendo en conta a necesidade que expoñen os numerosos usuarios durante a época de exames, mais en concreto nos meses de xuño e decembro. Na moción de 2016 se aprobou por unanimidade unha emenda con dous puntos, o primeiro dicía textualmente “Estudar as alternativas posibles para garantir un horario estable durante os meses de verán e durante todo o ano, que teña en conta as necesidades durante os períodos de exames, co compromiso de presentar estas alternativas en outono de 2016” e o punto segundo “Crear un calendario estable de apertura ara todo o ano, tendo en conta a problemática dos exame de xuño e decembro”. Na moción do 2017 a proposta de acordo dicía “O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que teña en conta a época de exames e aumente o horario de Biblioteca Central”. Tanto no 2016 coma no 2017 as mocións foron aprobadas para por unanimidade, incluso polo medio houbo un Rogo de data 28 de abril do 2017 onde se instaba a Alcaldía a que se adaptaran as medidas necesarias para poñer canto antes a moción aprobada en práctica. E mesmo no debate de decembro de 2017, o Concelleiro de Cultura dicía que está de acordo en que se trata dun problema serio e mais tendo en conta o novo programa da Xunta que se está a implantar e que require unha maior carga laboral para os traballadores da biblioteca.

Desde este Grupo Municipal volvemos a insistir en que un dos compromisos mais importante coa Educación e a Cultura a nivel local, debería mostrarse co funcionamento da Casa da Cultura e a Biblioteca Central que debería ser un catalizador das inquietudes culturais do noso Concello e neste momento non o é.

Dous anos despois da primeira iniciativa nada se fixo e as queixas dos usuarios chegando estas datas van en aumento, por todo elo presentamos esta MOCIÓN NO SEGUNDO CABODEANO coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno da Corporación volve instar ao Goberno Municipal a que teña en conta dunha vez as demandas dos usuarios, e incrementa os horarios da Biblioteca Central”.

DELIBERACIÓNS:

A Sra. Hermelo Piñeiro: expón a moción.

O Sr. Mera Herbello: expón que no fondo do asunto está de acordo pero que por mor do Plan de Axuste as medidas propostas resultan inviables sen vulnerar os dereitos dos traballadores.

O Sr. Gestido Porto: expón que é unha simple cuestión de prioridades a devandita ampliación.

O Sr. Alcalde: expón que o Sr. Gestido Porto foi concelleiro de Cultura e que sabe que non se pode repoñer persoal pola taxa de reposición e o Plan de Axuste.

O Sr. Gestido Porto: expón que cando estaba o Sr. Pazos ampliouse o horario da biblioteca.

A Sra. Hermelo Piñeiro: expón que por medio do Plan Concellos pódese solicitar persoal e que se trata en definitiva dunha cuestión de vontade e no que estamos todos de acordo.

O Sr. Alcalde: expón que o Plan Concellos é unha situación concreta que non soluciona a



Concello de Cangas

cuestión de xeito definitivo nin o fai tampouco as horas extras, considera que e un problema de plantel.

O Sr. **AbaloCostas**: sinala que está de acordo coa ampliación pese o probable reparo suspensivo.

A Sra. **Hermelo Piñeiro**: lembra que o Sr. Mera Herbelo falaba dun problema de cartos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (ASPUN, PP e CANGAS DECIDE).

Votos en contra: 7 (BNG, ACE)

Ausentes: 1 (PSOE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6172/2018. Moción Cangas Decide paso de peóns

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal de Cangas Decide, realizado o día 16.12.2018, relativo ao paso de peóns da Avenida Castelao, que é como segue:

“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, presentan para seu debate no Pleno a seguinte:

PROPOSTA-MOCIÓN:

Logo de recoñecer que o pintado do paso de peóns serviu para que moitos españois, pensen que en Cangas temos bo humor; entendemos que as bromas deben deixarse para a interpretacións teatrais e debemos considerar que a seguridade debe ser unha máxima para este Concello e o pintado do paso de peóns da Avda. Castelao é un perigo para motociclistas, ciclistas e os propios peóns, podendo provocar numerosos accidentes que se poderían evitar.

E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PROPOSTA DE ACORDO:

- 1. Que se borre o paso de peóns de 46 metros e se instalen sistemas adecuados para a boa regulación de tráfico e o paso de peóns nese tramo”.*

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Gestido Porto: expón a moción.

O Sr. Alcalde: sinala que consta un informe da Policía Local sobre a peonalización e que consta permiso da Xunta para o proxecto de pintado de 2016, recorda que en todo caso a obra non está rematada faltando a colocación de pivotes.

O Sr. Hermelo Álvarez: expón que o Partido Popular votará en contra da moción porque está a obra sen rematar e da un voto de confianza o Alcalde.

O Sr. Abalo Costa: sinala que como inocentada xa está ben.

O Sr. Soliño Costas: expón xa está acostumado a este tipo de barbaridades e chapuzas e que lle gustaría dispor dese informe e da autorización de estradas.

O Sr. Alcalde: expón que non hai máis chapuza que a que non se fai e que as raias están autorizadas.

O Sr. Gestido Porto: sinala que o Sr. Agulla chamoulle para dicirlle que ese non era o proxecto pero que non había cartos para elo. O transcendente en todo caso é a seguridade e que resulta responsable do que no paso poida ocorrer, e que en definitiva a peonalización é outra cousa.

O Sr. Alcalde: sinala que o paso sempre tivo as condicións de seguridade axeitadas.

O Sr. Soliño Costas: sinala que vai pedir o certificado da pintura e que en todo caso trátase de malgastar os cartos dos veciños sen atender a cuestións máis transcendentais como un plan de tráfico.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (PP e CANGAS DECIDE).

Votos en contra: 10 (BNG, ACE e ASPUN).

Ausentes: 1 (PSOE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita



anteriormente.

Expediente 6175/2018. Moción ACE problemática transporte marítimo

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.12.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, do día 17.12.2018, relativa á problemática do transporte marítimo, que é como segue:

“Desenvolvemento da moción:

Novamente a xestión nomeadamente impresentable da Xunta de Galicia con respecto ao transporte de ría volve a poñer en evidencia que o pseudogobemo galego ou non se decata de nada ou xestiona a prol de empresas amigas. O caos do transporte ás Illas Cies así o acredita e desvencellar este servizo do transporte a Cangas e Moaña e máis do mesmo.

Agora atopámonos coa nova de que a Xunta autoriza a Nábía a entrar en libre competencia horario con Mar de Ons, descoñecemos se tamén en competencia tarifaria -sen ningún tipo de información e/ou consulta aos Concellos.

Isto pon en evidencia que para nada interesa a mellora do servizo conseguindo unha maior franxa horaria, sendo obvio que só se persegue favorecer interese empresariais. Boa proba delo é que, en novembro de 2009, Capitanía Marítima emitiu unha Resolución que establecía que os barcos de cada navieira tiñan que saír "cun cuarto de hora de diferenza para garantir a seguridade". É oportuno lembrar que este problema xa se suscitou no seu momento entre Vapores de Pasaxe e Cruceros e logo entre Vapores e Mar de Ons. Non cabe dúbida que este réxime horario vai prexudicar empresarialmente ás dúas empresas, pero o que é peor mesmo pode afectar aos postos de traballo e non beneficia en case nada aos usuarios agás naquelas franxas horarias moi puntuais.

Tampouco é favorable a experiencia de 2011 pois as navieiras facían o servizo dunha diferenza de cinco minutos o cal desatou unha batalla entre as empresas e que provocou que a Xunta marcasse uns horarios separados por un cuarto de hora pero a empresa RG vencellada a Mar de Ons fixo quebrar a competencia de Nabia. Como se ve un novo "éxito" da Xunta.

A maiores agora, en outubro, Capitanía Marítima advirte que as saídas se produzan con manobras ordenadas e coordinando a secuencia entre os patróns., é dicir o conflito está servido.

Ademais existen graves problemas no que respecta ao transporte actual da ría; barcos anulados a última hora, falta de alternativa do transporte marítimo por parte da Xunta, autobuses saturados cando non hai barco e o corredor totalmente paralizado cunhas obras sen fin. Actualmente a cidadanía do Morrazo atópase illada. É curioso como, xusto agora que salta a polémica, os operadores actuais en vez de anular o servizo de barco estes días a pesar do mal tempo, o que fan é modificar o horario para poñer barcos máis grandes e seguros que si poden cumprir co servizo indo máis lentos.



En conclusión, este grupo municipal propón adoptar o seguinte acordo:

1- Dirixirse á Dirección xeral de mobilidade e Dirección xeral de transportes da Xunta solicitando unha xuntanza para clarificar e apercibir das consecuencias que pode ter para a seguridade dos usuarios a autorización de que existan varios buques con coincidencia de horario adscritos ao servizo de Tráfico de Ría instando ao Goberno á adopción dun proxecto de lei que restituía o carácter público do transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo.

2- Instar á Dirección xeral de mobilidade e Dirección xeral de transportes a que establezan horarios diferentes para poder operar a cada concesionaria; xa que e a única forma de aportar algún beneficio ás persoas usuarias do servizo.

3- Instar á Dirección xeral de mobilidade e Dirección xeral de transportes a que lle esixan ás operadoras embarcacións seguras para poder prestar o servizo a pesar do parte meteorolóxico.

4- Instar á Dirección xeral de mobilidade e Dirección xeral de transportes á elaboración, en consulta co concello de Cangas, dun plan integral de coordinación e actuación do transporte de Cangas-Vigo-Cangas cando o servizo de transporte da ría quede anulado por ordes de Capitanía Marítima.

5- Dirixirse á Capitanía Marítima, solicitándose informe por escrito de cales son os motivos polos que se cambiaron os criterios que se relacionan no informe emitido en outubro do 2009 sobre a seguridade das embarcacións de tráfico da ría, en relación co informe actual de outubro de 2018 emitido a petición da Dirección xeral de mobilidade.

6- Instar á Consellería de infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galicia a que busque a forma xurídica que permita que o transporte marítimo de ría, ao igual que o transporte de pasaxeiros por estradas, sexa incluído no Plan de transporte de Galicia que proximamente sairá a concurso”.

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Abalo Costa: expón a moción.

O Sr. Sotelo Villar: sinala que para Cangas o transporte marítimo ten unha importancia capital tal e como se recolleu no Plan de Mobilidade do ano 2012.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

Dación de Conta Resolúcións Alcaldía 24 de novembro-21 de decembro 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e preguntas:

1.- O **Sr. Soliño Costas**: pregunta pola situación na que se atopan os bordillos existentes na rotonda do cruce da estrada de Aldán e a Avenida de Pontevedra.

O **Sr. Alcalde**: expón que descoñece a situación actual pero que coñece a un condutor que sistematicamente se cargaba os pivotes alí colocados, en todo caso preguntará sobre a situación a día de hoxe.

O **Sr. Gestido Porto**: quere recalcar o feito de que o Alcalde coñeza a un condutor que de xeito reiterado se cargue os pivotes.

O **Sr. Alcalde**: sinala que tamén o sabe a Policía Local.

2.- O **Sr. Soliño Costas**: pregunta polos cortes existentes na estrada que vai do Camiño Vello a San Roque que xeran un perigo importante.

O **Sr. Alcalde**: di que se van a poñer pasos sobreelevados de obra.

3.- O **Sr. Soliño Costas**: pregunta por quen autoriza no parking destinado aos empregados e autoridades públicas, se é o *gorrilla* ou o Sr. Alcalde.

O **Sr. Alcalde**: sinala que ninguén pode impedir que o *gorrilla* mande a xente para o aparcadoiro e estanse a poñer multas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850